


Da ecología á economía: o crecemento sustentable

Sección coordinada por
Uxío Labarta



Os límites do desenvolvemento

UXÍO LABARTA

Uxío Labarta é biólogo. Profesor de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas. Autor, entre outros libros, de *A pesca galega e a súa investigación* (1978), *A Galicia mariñeira* (1985) e *Bateeiros, mar, mejillón: una perspectiva bioeconómica* (2004)

En 1980, o Seminario de Sargadelos tentou analizar cunha perspectiva pluridisciplinar o problema entre *necesidade e satisfacción*. Daquel encontro de verán, un máis entre os tradicionais do Seminario, resultou un caderno coas discusións sobre a interacción entre ambos os dous temas. Con anterioridade aconteceran en Galicia mobilizacións de carácter ecoloxista: de Celulosas, a primeira, ao superporto de Vilagarcía, Alúmina ou a central nuclear de Xove (por non remontármolos ao encoro de Castrelo de Miño, nos anos 60), que abriron o debate, no que tamén se podería integrar a lideira da Autoestrada do Atlántico, sobre os modelos de industrialización e medio ambiente no país. No tempo, houbo outra análise primixenia na que se abordaba o desarranxo ambiental galego no contexto da crise ecolóxica mundial, editado por Akal (Arealonguiña) e da autoría de Miguel Anxo Murado.

Son pois estas reflexións e actividades as que enmarcan as primeiras formulacións sobre a crise do crecemento e da industrialización en Galicia. No contexto mundial estas tiveron a súa orixe no primeiro informe do Club de Roma de 1972 sobre os Límites do Crecemento, formulado polos equipos de Meadows no Instituto Tecnolóxico de Massachussets. Este informe foi criticado polos países non desenvolvidos por canto maliciaban que o crecemento cero sometía o terceiro mundo a manterse no seu atraso. O segundo informe do Club de Roma faise eco de parte das críticas e analiza en primeiro lugar a situación do crecemento, diferenciándoa para cada unha das dez rexións en que divide o planeta.

Mais, en canto o debate se mantiña en termos científicos, apenas transcendía. Foi a partir da carta de Mansholt (membro daquela da Comisión da Comunidade Económica Europea) ao presidente desa Comisión, cando as propostas e o debate propiciados polos documentos realizados ao abeiro do Club de Roma comezan a tomar corpo no debate social, mais tamén no das políticas económicas.

E é, precisamente no pensamento económico, mais tamén no ecolóxico, e na súa formulación



en termos termodinámicos ou de fluxos de enerxía, onde atopamos nun continuo evoluir en ambos os dous eidos de investigación e de pensamento.

Mais para chegar a este tipo de formulacións foi preciso que unha reia de científicos e economistas transgresores fosen quen de afundar en campos sobre os que apenas tiñan coñecemento e de formular aproximacións transdisciplinares rupturistas no seu tempo e, por tanto, pouco recoñecidas polos seus colegas.

Neste contexto xorden figuras como Georgescu-Roegen, no campo das ciencias sociais e da economía, ou Odum, no da ecoloxía. Desa relación entre disciplinas dispares vai xurdindo pasesiñamente un campo interactivo, tal aquel bautizado primeiro como *bioeconomía*, e logo como *economía ecolóxica*. Campo que pretende atender nos seus obxectivos a comprensión entre os ecosistemas e os sistemas económicos na máis ampla acepción.

Mais todo ese novo tipo de aproximacións e análises (mesmo os máis pesimistas e catastrofistas) non fixeron que mudase o uso destemido da natureza e dos recursos, incluso daqueles non renovables, por mor de manteren un crecemento indefinido, tal e como se seguiu facendo dende a política económica.

Nese contexto, e no avance da economía ecolóxica, ou mesmo da ecoloxía industrial, os econo-

mistas partidarios do crecemento económico, que negaban as restricións ecolóxicas á expansión económica, atoparon un novo esteo para as súas teses tanto na proposta sobre desenvolvemento sustentable a partir do informe elaborado por Gro Harlem Bruntland (primeira ministra de Noruega) no ano 1987, coma das observacións derivadas da crise enerxética do petróleo dos anos 70, en que de certo se observou nalgúns países desenvolvidos unha redución no consumo de enerxía por unidade de produción.

Pois, aínda que a definición do informe Bruntland sobre desenvolvemento sustentable, “aquele desenvolvemento que atende as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións vindeiras para satisfacer as súas propias necesidades”, formula un obxectivo, o certo é que nos últimos anos as verbas *sustentabilidade* ou *desenvolvemento sustentable*, non por teren acadado presenza universal tanto nos estudos científicos, coma nos programas políticos ou mesmo nas axendas de goberno, apenas van máis aló dun slogan concienciador verbo dunha crise ecolóxica global propia do modelo de civilización.

Polo cal, a pesar do avance que tanto o concepto de desenvolvemento sostible e do seu espallamento, coma certas consecuencias da crise enerxética, o conxunto das dúas aproximacións permitiron que os partidarios do crecemento

As verbas *sustentabilidade* ou *desenvolvemento sustentable*, non por teren acadado presenza universal nos estudos científicos e nos programas políticos ou nas axendas de goberno, apenas van máis aló dun slogan concienciador verbo dunha crise ecolóxica global propia do modelo de civilización

constrúen un discurso e un horizonte para ese crecemento, en que se prevía acadar unha independencia progresiva entre crecemento económico versus enerxía e uso de recursos naturais. Proceso sintetizado naquel concepto formulado como “desmaterialización da economía”, que significa unha redución relativa ou absoluta de materiais usados ou cantidade de residuos xerados na produción dunha unidade de produto.

A partir desta análise e deste concepto chegouse a pensar que os recursos naturais (tamén a descontaminación), deixarían de ser un problema para o crecemento económico a partir dunha determinada soleira. E aínda que no que atinxe a unha desmaterialización relativa caben dúbidas, no que respecta á absoluta non cabe ningunha, pois o sistema económico continúa incrementando a súa presión sobre os recursos da biosfera. Mesmo se se atende a unha das que foi a grande esperanza desta desmaterialización, aquela que afecta á sociedade da información (tecnoloxías da información e das comunicacións), que se pensaba independente dos recursos materiais, e que permitiu facer a afirmación de que “establecía a autonomía da nosa cultura fronte ás bases materiais da nosa existencia”.


Análises arredor desta cuestión pódense atopar na obra de economistas como Martínez Alier, José Manuel Naredo, Óscar Carpintero, por citar algúns de obra máis consolidada (ademais de pioneira) no pensamento da economía ecolóxica en España.

Mais precisamente é a obra de Carpintero a que chega a establecer como o requirimento total de materiais (RTM) por habitante en España se multiplicou por cinco entre o ano 1955 e o 2000, e mesmo que o consumo de enerxía primaria por habitante entre 1995 e o 2000 aumentou máis dun vinte por cento.

Son pois estas reflexións, marcos conceptuais e datos bioeconómicos que hoxe GRIAL lles propón nesta sección monográfica dedicada a unha primeira reflexión sobre o desenvolvemento sustentable. Reflexións que se albiscan nos traballos da *Revista de Economía de Galicia* e naqueles antes citados, xunto con outros publicados tamén nos anos 70 pola editorial Sept, mais que de certo agroman con continuidade nos traballos científi-

cos e académicos das universidades e centros de investigación galegos nos últimos quince anos.

GRIAL, e moi en particular a súa dirección, apostaron nesta nova xeira por unha perspectiva das culturas próxima a aquela formulada por Snow. É o carácter puridisciplinar e de fronteira nos estudos que relacionan natureza e economía, ou desenvolvemento sustentable, mais tamén a existencia dunha disciplina emerxente, a economía ecolóxica, cada vez máis afortalada e aceptada, e a obriga que se lle presenta á política económica e á política de integraren estas análises, criterios e reflexións por mor de optimizar e preservar os usos da natureza, o que aconsellou ofrecermos unha primeira achega neste novo número a través dunha escolma de autores galegos con traballo acreditado entre natureza e economía ■



¿Unha Galicia insustentable?

FEDERICO MARTÍN PALMERO

A evolución dunha interpretación

Ao principio, o termo “desenvolvemento sustentable” identificábase coa necesidade de que as futuras xeracións deberan herdar un *stock* de activos de calidade de vida non minguados. Para Ann Markusen (1999), trátase dun bo exemplo do que sería un “concepto borroso”. A ambigüidade do seu significado é debida a que, en primeira instancia, se estaría diante dunha cuestión ideolóxica e política. Destarte, o *stock* de activos perdurables podería ser interpretados de tres xeitos:

- Que abrangan soamente os activos medioambientais.
- Que abrangan, ademais, o capital fixo feito polo home.
- Que abrangan, os activos fixos, os medioambientais e os de capital humano.

Inicialmente, os discursos hexemónicos tenderon a seguir as formulacións da Comisión Brundland desde unha visión limitada: o principio de desenvolvemento económico sen deturpación do medio ambiente. Seguramente, esa sexa a razón pola que o termo foi tan aceptado, espallado, e aplaudido en todos os ámbitos. Porén, sen deixar de considerar os aspectos positivistas desta interpretación do desenvolvemento sustentable (baseada exclusivamente na conservación do capital natural), as correntes máis actuais superan este punto de vista restritivo para centrarse nunha visión máis ampla e integral: a conservación interxeracional de activos institucionais, sociais, medioambientais e económicos, dando lugar á perspectiva actual, integradora e multidimensional da sustentabilidade. Neste sentido, podería dicirse que existe unha coincidencia xeral en sinalar como principios básicos do desenvolvemento sustentable os seguintes (González Laxe e Martín Palmero, 2002):

SOLIDARIEDADE, entendida en dous ámbitos: temporal (preservación para as xeracións futuras) e espacial.

GLOBALIDADE E TRANSVERSALIDADE: relación entre os sistemas e os seus elementos.

PARTICIPACIÓN de todos os actores da sociedade civil nos procesos de decisión.

ARTICULACIÓN do desenvolvemento a curto e longo prazo.

PRECAUCIÓN: imposición de principios de prudencia na anticipación de evolucións futuras.

RESPONSABILIDADE fronte á humanidade que non ten acceso a certas condicións de vida e cultura, e fronte ás xeracións futuras ás que se deben transmitir condicións de vida aceptables en todos os ámbitos.

Os catro dilemas do desenvolvemento sustentable

Para superar o enfoque primitivo do desenvolvemento sustentable e chegar á perspectiva integral era necesario evolucionar, polo menos teoricamente, na análise das contradicións subxacentes entre o propio concepto e o sistema sobre o que se tratarían de aplicar os principios citados da sustentabilidade; desta forma existirían catro dilemas por solventar (Holmberg e Sandbrook, 1999):

1. Os estados e os seus gobernos non poden considerar unicamente o crecemento como obxectivo das súas políticas económicas.
2. Deben definirse pautas e principios para o establecemento de compensacións entre os distintos espazos (local, rexional, nacional e global) e ao longo do tempo (interxeracional).
3. Para a medición do desenvolvemento sustentable, hai que establecer un sistema de indicadores específicos, distintos aos tradicionais.
3. Teñen que compatibilizarse as políticas a curto prazo (propias das democracias de mercado), con outras fundadas en horizontes temporais a longo prazo, onde a sustentabilidade adquire o sentido máis amplo. É máis, as primeiras deben ser subsidiarias das segundas.

Non cabe dúbida de que se está ante unha visión diferente, que significa o cambio do paradigma neoclásico-liberal de ordenación do sistema eco-

nómico, por unha proposta distinta e novedosa: xustiza intertemporal, interxeracional, sistemas diferentes de medir o progreso e outra escala de valores.

Galicia e os indicadores da sustentabilidade

O terceiro dos dilemas propostos na concepción avanzada da sustentabilidade supón a creación e perfeccionamento de novas medidas que sirvan de diagnose, comparanza e seguimento de políticas a longo prazo. En consecuencia, sen menoscabo da contabilización tradicional, cómpre establecer un sistema de indicadores de desenvolvemento sustentable propios desta nova realidade que se pretende cuantificar. Ata o momento son dúas as aproximacións que se veñen desenvolvendo neste eido: o uso de indicadores sintético-globais ou multidimensionais e sintéticos simples. A nivel global, a primeira das categorías está representada principalmente polos contributos das universidades de Yale e Columbia iniciadas no Cumio de Davos no ano 2001, revisadas e ampliadas en períodos posteriores¹, que constrúen un índice sintético de Sustentabilidade Ambiental (ESI) en cinco dimensións: sistemas medioambientais, redución da presión sobre os sistemas, redución da vulnerabilidade humana, capacidade social e institucional e administración global. Polo que respecta aos indicadores sintéticos simples, os máis salientables son: o Índice de Benestar Económico Sustentable (ISEW), Indicador de Progreso Xenuíno (GPI), Produto Interior Neto Sustentable (SDP) e, por último, a Pegada Ecolóxica (EF), posiblemente o máis coñecido e estendido.

A seguir recóllense dúas aproximacións, en ambas categorías, que serven para definir o perfil de Galicia e a súa posición dentro do mapa do desenvolvemento sustentable.

INDICADORES MULTIDIMENSIONAIS

A primeira medición da sustentabilidade a través dun índice sintético global e aplicada ás comunidades autónomas españolas, levouse a cabo no ano 2004; comprende 78 variables, 37 subindi-

Federico Martín Palmero é profesor de Economía Política e Macroeconomía Avanzada na Universidade da Coruña. Vicedecano da Facultade de Socioloxía. Autor de *Desenvolvimiento sostenible y huella ecológica* (2004) e coautor de *Estructura económica de Galicia* (1992) e *Energía y sostenibilidad. Incidencia en el medio marino* (2003).



1. Poden consultarse en: <http://www.ciesin.columbia.edu/indicators/ESI>

cadores e 13 indicadores (Fernández Francos, González Laxe e Martín Palmero, 2004). Todas as variables se agruparon de acordo coa clasificación inicial proposta por EUROSTAT (2001), os principios Presión-Estado-Resposta e os mandatos da Axenda 21 local. A estrutura piramidal do índice péchase nas dimensións propias da visión máis ampla do desenvolvemento sustentable, segundo se recolle na táboa 1.

Os resultados acadados sitúan a Galicia na posición número 15 das 17 comunidades españolas e soamente Valencia e Andalucía presentan peores resultados. Navarra sitúase no cumio do desenvolvemento sustentable das rexións españolas, seguida do País Vasco.

O sistema de cálculo empregado permite unha análise interdimensional, como expresión clara do carácter integral do desenvolvemento sustentable. No gráfico 1 preséntanse os diamantes da sustentabilidade das comunidades con máis alto índice (Navarra), co máis baixo (Andalucía), e Galicia. Dentro do diamante, chegar polo radio ao punto 100 presenta a situación de sustentabilidade perfecta, a máxima xerarquía en todas as dimensións e nos indicadores que compoñen cada unha delas. As posicións achegadas ao centro (punto 0) representan xustamente o contrario.

Pode apreciarse que a comunidade de Navarra presenta uns valores altos das dimensións (especialmente nas vertentes Social e Económica) e equilibrados. Andalucía (a rexión con peor índice global de sustentabilidade) é unha mostra de dimensións desequilibradas e moi baixas nas compoñentes Institucional e Medioambiental. O diamante que representa a Galicia ten curtas as caras relativas ás dimensións Social (produto dos valores negativos nos indicadores de Equidade, Saúde e Educación), Económica (debido aos indicadores de Estrutura Económica e Hábitos de Consumo e Producción, con valores negativos) e Institucional, onde o indicador de Capacidade Institucional é relativamente baixo. Soamente a dimensión Medioambiental acada un valor aceptable, xa que os valores positivos nos indicadores de Terra e Auga compensan os peores resultados nos de Biodiversidade e Atmosfera. En conxunto, a posición de Galicia con respecto ás outras comunidades, neste indicador sintético, é negativa e desequilibrada.

A PEGADA ECOLÓXICA

Como se decía, trátase dun dos indicadores sintéticos simples do desenvolvemento sustentable máis empregados e espallados nos últimos anos. Coas limitacións propias dos diversos sistemas de cálculo, fontes estatísticas e das distintas varia-

cións metodolóxicas, está considerado un indicador do desenvolvemento sustentable forte. Para o seu cálculo, hai que determinar a cantidade de terreo produtivo necesario para obter os bens consumidos e para absorber os residuos xerados pola poboación dunha área. A pegada ecolóxica individual (que normalmente se expresa en hectáreas per cápita), obtense a partir da superficie total, dividíndoa polo número de habitantes do espazo considerado.

Este indicador de sustentabilidade para Galicia (Martín Palmero, 2004), atinguía un valor de 7,01 hectáreas per cápita no ano 2002, cifra extremadamente alta comparada cos resultados obtidos para outros países ou economías do contorno. Como se pode apreciar no gráfico 2, a pegada ecolóxica de Galicia é similar á de Finlandia e Suecia e supera amplamente á dos restantes países da Unión Europea. Con respecto a España (4,8 hectáreas per cápita), é un 46 por cento máis alta.


As explicacións deste comportamento da economía galega (que demanda da natureza 14 millóns de hectáreas que non posúe) débese, entre outros, a unha serie de factores sobranceiros: unha estrutura produtiva moi dependente do capital natural e con pouca produtividade relativa; uns hábitos de consumo moi intensivos en pastos e mar (por mor dunha dieta alimentaria con presenza destacada de produtos obtidos a partir destas compoñentes) e, por último, pola pegada da enerxía, que aínda que é moi similar á das economías europeas máis desenvolvidas, é lixeiramente inferior á española (2,6 hectáreas per cápita), e presenta particularidades moi salientables —en especial a asociada ás emisións do sector do transporte que representa 0,36 hectáreas per cápita, cifra moi alta derivada dun modelo insustentable de circulación de persoas e mercadorías, baseado no automóbil propio para persoas e no transporte de mercadorías por estrada (González Laxe, Martín Palmero e Míguez Pose, 2005).

Estratexias de desenvolvemento sustentable: do global ao local

Os indicadores analizados dan unha idea da situación de Galicia neste eido da sustentabilidade. Coñecida a resposta ao terceiro dos dilemas do desenvolvemento sustentable, é preciso tratar de achegarse a solucións posibles para os restantes, intimamente relacionados. Estano, porque estes se subsumen na dinámica propia das democracias de mercado: planificación a curto prazo (normalmente o período interelectoral), crecemento cuantitativo como obxectivo e, en consecuencia, insolidariedade entre espazos e xeracións.

Táboa 1: Componentes e indicadores

Dimensión	Indicadores
Económica	Estrutura económica Consumo e produción Capacidade institucional
Institucional	Protección do capital humano e natural
Medioambiental	Atmosfera Terra Auga Biodiversidade
Social	Equidade Saúde Educación Vivenda Seguranza Poboación

Gráfico 1: Diamantes da sustentabilidade


Desde esta perspectiva, a superación dos tres dilemas que quedan por solventar (que na realidade son un só) pasa por establecer estratexias específicas a longo prazo desde o global ao local.

A análise das experiencias na materia, aínda que recente, é singularmente heteroxénea. No ámbito máis amplo, a ONU foi a principal impulsora oficial da filosofía do desenvolvemento sustentable. Desde as primeiras actividades que culminaron co Informe Bruntland (1987), pasando polo Cumio de Río (1992), ata rematar máis recentemente no de Johannesburgo (2002), as directrices deste organismo son orientadoras dunha nova política mundial. Resultan de indubidable transcendencia desde o punto de vista mediático, o que favorece unha visión individual e colectiva preocupada en gran medida pola temática do medio ambiente (cambio climático, efecto invernadoiro, etc.). Os denominados Documentos de Río, moi especialmente a estruturación teórica da posta en marcha das Axendas 21, resultan elementos fundamentais na análise das achegas deste organismo á sustentabilidade.

A resposta da Unión Europea, máis preocupada polas necesarias políticas de cohesión e estratexias a curto prazo, é tardía e confusa. Ata o V Programa Comunitario Medioambiental (1993) non se inclúen políticas de desenvolvemento sustentable. A Estratexia inicial da UE (2001) non é un documento que sirva de base e obrigado cumprimento para os estados membros, e opta por unha noción confusa de desenvolvemento sustentable (non contempla as múltiples facetas do termo). Por último, o 13 de decembro de 2005, a Comisión fai unha revisión da Estratexia Europea cara ao horizonte

Táboa 2: Componentes da pegada ecolóxica de Galicia

Tipo de terreo produtivo	Pegada ecolóxica Has. per cápita
Cultivos	0,25
Pastos	1,94
Bosques	0,39
Mar	1,43
Territorio ocupado	0,07
Área de absorción de CO ₂	2,18
Reserva para biodiversidade	0,75
TOTAL	7,01

Gráfico 2: Pegada ecolóxica de Galicia e dos países da UE

2005-2010, na que se inclúen como principios a loita contra o cambio climático e a produción de enerxías limpas, saúde pública, exclusión social, demografía e emigración, mellora na xestión dos recursos naturais, transporte sustentable e loita contra a pobreza global.

É de agardar que a decisión da Comisión signifique un pulo para as estratexias nacionais. Neste senso, mentres países do contorno xa tiñan posta en marcha a súa planificación cara ao desenvolvemento sustentable (Bélxica, Austria, Suecia, Alemaña, Francia, Finlandia, etc.), na inmensa maioría dos casos con escaso éxito, en España presentouse a Estratexia de Desenvolvemento Sustentable en decembro de 2001. Sobre un horizonte de vinte e cinco anos, establecía unha diagnose previa para determinar unha serie de estratexias pero, secomasí, exentas de valoracións e orzamentos para levalas a cabo. Do escaso interese amosado pola mesma desde unha perspectiva oficial, dá boa fe o feito de que estivo tres anos en fase de consulta e nunca chegou a aprobarse. Un avance recente significou a posta en marcha desde novembro de 2004 do Observatorio da Sustentabilidade de España (OSE), cun funcionamento autónomo e dedicado á elaboración de informes, creación de bases de datos e prestación de servizos.

Paralelamente no tempo, a mesma apatía manifestada polas autoridades españolas na posta en marcha da estratexia de sustentabilidade pode aplicarse a Galicia. Nesta dinámica, en outubro de 2002 comezan a publicar os documentos de traballo que servirán de base para a futura Estratexia Galega. Ocúpanse soamente da integración horizontal das políticas sectoriais co medio ambiente e abandona as vertentes económica, social e institucional da sustentabilidade. A comezos de 2005, preséntase a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentable, que contén algúns avances sobre o documento inicial. Porén, trátase dun documento con metodoloxía invertida, pois non parte dunha diagnose previa para formular as liñas estratéxicas a seguir, senón que define primeiramente os obxectivos. Por outra banda, carece de compromisos económicos, non desenvolve con ponderación as diversas facetas do desenvolvemento sustentable (especialmente o instucional, de grande importancia en Galicia) e, por último, non profundiza nin implementa o ámbito inferior como lle correspondería ao goberno galego: as Axendas 21.

Este percorrido desde o global ao local dá unha idea de que a cooperación vertical nas estratexias cara á sustentabilidade é un proceso desordenado, desintegrado e, polo momento, ineficaz. Por iso, resulta estraño que o nivel máis baixo da planificación cara ao desenvolvemento sustentable sexa, en teoría, o máis exitoso. Desde que en maio de 1994

se asinou en Aalborg a Carta das Cidades e Pobos Europeos cara á Sustentabilidade, na actualidade existen en Europa 2.144 autoridades locais adheridas á mesma, das que 846 son españolas³. A análise da evolución da posta en marcha das Axendas 21 no tempo é determinante para comprender os atrancos que impoñen as implicacións políticas do desenvolvemento sustentable e as consecuencias da planificación a longo prazo (táboa 3). Resulta significativo que, conforme aumenta o nivel de existencia, e as obrigas dos asinantes van sendo maiores, o proceso de adhesión baixa de forma alarmante: en Europa soamente asinan 291 concellos e entes locais os compromisos de Aalborg + 10 (o que representa un 13 por cento dos iniciais), e en España 91 (4 por cento). E non remata aquí o abandono destas boas prácticas, cando se analiza a adhesión á avaliación das políticas locais de desenvolvemento sustentable a través de indicadores, o denominado Proxecto ECI. A iniciativa, nada en Hannover, de dez Indicadores Comúns (entre os que se atopan algúns relativos á satisfacción cidadá co goberno local, contribución ao cambio climático, avaliación dos servizos públicos e das políticas de transporte e mobilidade poboacional), soamente mereceu o interese de 148 autoridades locais en Europa e 23 en España.

No tocante á situación en Galicia, actualmente hai 24 concellos asinantes da Carta de Aalborg máis os nove integrados na Comunidade do Salnés. Hai que salientar, como mera curiosidade, a política do goberno autonómico no fomento das Axendas 21: entre 2001 e 2003 propiciou convenios con vinte e un concellos galegos para a implantación das mesmas, ben directamente ou a través de organismos supramunicipais. Dos seleccionados nesta fase experimental, dez non tiñan (nin teñen) asinada a Carta de Aalborg como aposta oficial pola sustentabilidade. Desta situación é tamén bo exemplo o feito de que ata o 31 de xaneiro de 2006 non se produciu a integración dos concellos do Eixo Atlántico nos principios da Carta, doce anos despois da posta en marcha da campaña.

O proceso de integración tardío e anárquico, ou de elaboración de Axendas sen someterse polo menos previamente aos compromisos europeos, queda de manifesto na análise das etapas posteriores dos mesmos: soamente A Coruña e Santiago asinaron Aalborg+10, e unicamente A Coruña se comprometeu cos indicadores de Hannover.

Todo este fenómeno da sustentabilidade local, caótico e desintegrado, queda ademais perfectamente confirmado polos resultados dunha enquisa presentada polo Consello Internacional para as Iniciativas Ambientais Locais (ICLEI) no cumio de Johannesburgo. Un 40 por cento dos casos presentados consideran

prioritarios nas Axendas os aspectos medioambientais, mentres os económicos quedan relegados a un 9 por cento. As preocupacións sociais están representadas por un escasísimo 1 por cento. Debemos subliñar que, a través da enquisa, os principais obstáculos detectados en Europa para a implantación das iniciativas locais de desenvolvemento sustentable son, sobre todo, a falla de vontade política e a escaseza de recursos económicos.

Algunhas reflexións finais

A evidencia pon de vulto dúas cuestións salientables: dunha parte, os indicadores aplicados e calculados para Galicia revelan que esta comunidade non resulta un paradigma da sustentabilidade; por outra banda, que esta realidade económica e social non é allea aos atrancos xerados contra a posta en marcha de estratexias específicas en todos os ámbitos espaciais. E estas dificultades son a consecuencia última das contradicións que subxacen entre a planificación e as políticas a curto prazo, e a acepción máis pura do desenvolvemento sustentable, que require a superación dos catro dilemas expostos. Porque o concepto de sustentabilidade, redefinido desde a perspectiva máis integral (non soamente desde facetas illadas), polo menos de momento, semella incompatible coas democracias de mercado. Neste sentido, aínda que o contexto da planificación europea e estatal na materia non resulta especialmente favorecedor, existen oportunidades de desenvolvemento dun plano propio de sustentabilidade (Graaf, Musters e Keurs, 1999), que sirva como guía para determinar as necesidades e expectativas dos cidadáns, contribúa aos intereses globais neste eido, e prepare as condicións para satisfacer as demandas das futuras xeracións ■

2. No último *rating* de sustentabilidade calculado sobre 150 indicadores e elaborado pola axencia alemá Oekom, España está situada no posto 28 dun total dos 45 países máis desenvolvidos, perdendo posicións cada ano. Tales feitos evidencian a necesidade da urxente posta en marcha dunha estratexia de desenvolvemento sustentable.

3 As estatísticas do Ministerio de Medio Ambiente sinalan que existen en España 8.109 concellos asinantes da Carta de Aalborg. Trátase dunha contabilización indebida, xa que polo feito de que unha deputación se comprometa cos compromisos do desenvolvemento sostible, non deben contarse como asinantes todos os concellos que compoñen a provincia.

Táboa 3: Evolución dos compromisos das autoridades locais coa Axenda 21

	Carta de Aalborg	Aalborg+10	Proxecto ECI
Europa	2.144	291	148
España	846	91	23
Galicia	24	2	1



Bibliografía

- EUROSTAT. *Measuring progress towards a more sustainable Europe. Proposed indicators for sustainable development*, Comunidades Europeas, Luxemburgo, 2001.
- Fernández Francos, M., González Laxe, F. e Martín Palmero. "Medición del desarrollo sostenible y análisis regional: diseño de un índice sintético global y aplicación a las regiones españolas", *Investigaciones Regionales* 5, 2004, pp. 91-112.
- González Laxe, F. e Martín Palmero, F. "La preocupación por el desarrollo sostenible en las comunidades autónomas españolas con especial referencia a Galicia: indicadores institucionales (adhesión a la Agenda 21 local y gastos medioambientales)", relatorio presentado á XXVIII Reunión de Estudios Regionales, Murcia, 2002.
- González Laxe, F., Martín Palmero, F. e Miguélez Pose, F. "Un modelo de desarrollo insostenible: la aportación al cambio climático global del sector del transporte en Galicia (análisis y estrategias)", relatorio presentado no VII Congreso Nacional de Economía, A Coruña, 2005.
- Graaf, H. J., Musters, C. J. M. e Keurs, W. J. *Regional Opportunities for Sustainable Development*, Kluwer Academic Publishers, Dordrecht, Netherlands, 1999.
- Holmberg, J. e Sandbrook, R. "Sustainable Development: What Is to Be Done?", en *Making Development Sustainable*, Editado por Johan Holmberg, pp. 19-38, Island Press, California, 1992.
- Markussen, A. "Fuzzy Concepts, Scanty Evidence, Policy Distance: The Case for Rigour and Policy Relevance in Critical Regional Studies", *Regional Studies*, vol. 22, núm. 9, 1999, pp. 869-884.
- Martín Palmero, F. *Desarrollo sostenible y huella ecológica*, Netbiblo, A Coruña, 2004.